

O AMENCER DA HUMANIDADE: O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA



UNIDADE DIDÁCTICA

6.º DE PRIMARIA

Este proxecto expositivo realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

EXPOSICIÓN

O AMENCER DA HUMANIDADE: O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA

Organización:

Data Gestión Cultural S.L.

Comisariado:

Eduardo Méndez Quintas

Andrea Serodio Domínguez

Deseño Gráfico:

Cristina Campaña Martínez

Ilustración:

Iago Araujo

Normalización lingüística:

Interlingua Traduccions S. L.

Audiovisual:


Vizuals Lab

Colaborador:

Arturo de Lombera Hermida

O AMENCER DA HUMANIDADE:

O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA



ÍNDICE

PRESENTACIÓN/INTRODUCCIÓN/CONTEXTUALIZACIÓN	/7
METODOLOGÍA	/7
TEMPORALIZACIÓN	/7
MATERIAIS	/7
UNIDADE DIDÁCTICA 6.º DE PRIMARIA	/8 - 25
FICHAS DAS PEZAS DA EXPOSIÇÃO	/26 - 57



PRESENTACIÓN/INTRODUCCIÓN/CONTEXTUALIZACIÓN

Para o desenvolvemento das seguintes unidades didácticas, as actividades aparecerán inseridas en cada un dos **ROLL-UP** que forman parte da exposición. O **obxectivo** é que o alumnado participe e adquira novos coñecementos dende o primeiro contacto coa exposición e que a percorra dunha forma activa.

METODOLOXÍA

Para as actividades están previstas as seguintes metodoloxías activas:

- **Aprendizaxe cooperativa, que ten como fin fomentar a intelixencia colectiva:** con esta metodoloxía búscase mellorar a atención, a participación e a adquisición de coñecementos por parte do alumnado a partir dos razoamentos feitos por cada grupo.
- **Aprendizaxe aula invertida:** esta metodoloxía pretende asentar os coñecementos adquiridos polo alumnado recordando o que se estudou previamente na aula.
- **Aprendizaxe proactiva:** trata de descubrir os problemas de cada alumno ou alumna en relación coa teoría explicada, polo que o profesorado deberá supervisar a tarefa e axudar a aqueles estudantes que presenten dificultades. Nestas actividades non se fai unha posta en común, xa que o traballo se revisa de forma individual para comprobar que se entendeu debidamente a teoría presentada na exposición.
- **Aprendizaxe construtivista:** o propio alumnado convértese no autor do contido exposto. Cada actividade empregará a metodoloxía que máis se axeite ao traballo que se lle propón ao alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

2 SESIÓNS DE 50'

As **UNIDADES DIDÁCTICAS** conteñen:

- **Actividades** programadas / **90 minutos.**
- **A lectura dos ROLL-UP.**

Por conseguinte, deberían empregarse dúas clases de 50 minutos para a realización de cada unidade didáctica.

*En cada actividade **estipúlense os tempos** que deberán respectar os docentes para poder cumprir con este marco horario.

MATERIAIS

A exposición proporcionará os **ROLL-UP** xunto coas **réplicas** e **fichas citadas para cada actividade.**



UNIDADE DIDÁCTICA 6: DE PRIMARIA

Esta **UNIDADE DIDÁCTICA** desenvolverá os seguintes contidos curriculares, incluídos na materia de **Ciencias Sociais** impartida en **6.º de Educación Primaria**:

B4.1. As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.

B4.2. As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estadísticas, cartográficas, orais etc.)



>> **ACTIVIDADE 1:****Cal é o noso antepasado máis antigo?****15'**

Instrucións: antes de analizar a información exposta no **1.º ROLL-UP**, o alumnado deberá **ordenar cronoloxicamente**, segundo o seu criterio, os catro cranios que forman parte da exposición.

- 1/ Dividir a clase en grupos (máximo de cinco participantes por grupo).
- 2/ Cada grupo escollerá a orde que considera correcta.
- 3/ Finalmente, a docente irá dándolle a palabra a cada grupo para que expoña a súa proposta.
- 4/ A docente supervisará o traballo e, así que se coñezan todas as propostas, explicará cal é a opción correcta.

Metodoloxía: aprendizaxe cooperativa.

Material:

- **As catro réplicas de cranios humanos** facilitados coa exposición.
- **1.º ROLL-UP.**
- **Caderno de solucións para a docente.**

Temporización: a docente guiará a actividade e daralle un máximo de **cinco minutos** para ordenar os cranios. O alumnado dispoñerá doutros **cinco minutos** para a posta en común das diferentes análises feitas polos grupos. Posteriormente, farase uso doutros **cinco minutos** para corrixir os posibles erros.

CADERNO DE SOLUÇÕES

ATIVIDADE 1: Cal é o noso antepasado máis antigo?

- 1/ Cranio de *Australopithecus afarensis*.
- 2/ Cranio de *Homo ergaster*.
- 3/ Cranio de neandertal (*Homo neanderthalensis*).
- 4/ Cranio de humano moderno (**espécime de Cro-Magnon**).

O AMENGER DA HUMANIDADE: O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA

O ECOSISTEMA PLISTOCENO: UN MEDIO CAMBIANTE E HOSTIL

>> O PERÍODO DO PLISTOCENO OCUPA OS ÚLTIMOS 2,5 MILLÓNS DE ANOS DA HISTORIA DO PLANETA

Malia ser un espazo de tempo relativamente curto dentro da extensísima antigüidade da Terra (cálculase que dura uns 4.500 millóns de anos), é un período moi importante. Nel prodúcense **cambios transcendentais no clima e na fauna terrestre**, pero o máis importante para nós é que este é o momento en que se desenvolve a especie humana.

Unhas das características máis salientables desta longa etapa é **a forte alternancia climática entre períodos moi fríos** (glaciacións) e **outros temperados**, similares ao noso clima actual en Europa (períodos interglaciares). As glaciacións tiveron un grande impacto na paisaxe e na vida animal. Durante as etapas máis rigorosas, as temperaturas medias caían en picado, ata impediren propiamente unha estación de verán. Estas frías condicións climáticas tiñan tamén outras consecuencias importantes; entre elas, **o descenso xeneralizado do nivel do mar**, nalgúns momentos de ata 120 m baixo o nivel actual. O resultado deste proceso é que **a extensión "emerxida" de Europa** era moito maior.



|| Rinoceronte laúdo. ||



|| Mamut laúdo. ||

Este cambios tan drásticos tamén afectaban a vida animal e, por suposto, a humana. Neste senso, é de destacar que durante as etapas máis frías as rexións meridionais do continente, entre elas **a propia Península Ibérica**, servían de **área de refuxio**. Ademais, estas variacións no clima influíron na fauna e provocaron a aparición e desaparición de especies animais. Así, nas fases cálidas percorrían Europa **elefantes, rinocerontes** ou **hipopótamos**, mentres que nas etapas glaciares **os renos, mamuts e rinocerontes laúdos** eran os «señores» do frío.



|| Hipopótamo. ||

SABÍAS QUE...

DURANTE AS GLACIACIÓNS PODÍASE IR ANDANDO ATA AS ILLAS CIES OU ONS A CAUSA DA BAIXADA DO NIVEL DO MAR.



Este proxecto expositivo realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

>> **ACTIVIDADE 2: Frío ou cálido?****10'**

Instrucións: tras analizar a información exposta no **3.º ROLL-UP**, o alumnado deberá decidir **que especies habitaban nun clima cálido e cales nun clima frío:**

1/ Repartir as imaxes imantadas das especies escollidas.

2/ Decidir cos participantes (seguindo a resposta maioritaria) en que lado do taboleiro cómpre situar cada imaxe.

Metodoloxía: aprendizaxe cooperativa.

Material:

— **3.º ROLL-UP.**

— **Imaxes imantadas** facilitadas coa exposición.


— **Taboleiro imantado**, facilitado coa exposición, dividido en dúas partes (na zona superior de cada unha das partes deberá aparecer o título: **ZONA CÁLIDA/ ZONA FRÍA**).

— **Caderno de solucións para a docente.**


Temporización: a docente guiará a actividade e dará un máximo de **5 minutos** para decidir que animais se deben colocar en cada parte. Posteriormente, o alumnado dispoñerá doutros **5 minutos** para levar a cabo a corrección (se é preciso) da clasificación.

CADERNO DE SOLUCIÓNS

ZONA FRÍA / CÁLIDA



ZONA CÁLIDA



ZONA FRÍA

MAMUT LAÚDO



RINOCERONTE LAÚDO



MEGÁCERO



OSO DAS CAVERNAS



RENO



O AMENGER DA HUMANIDADE: O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA


A OCUPACIÓN PALEOLÍTICA DE GALICIA. O PRIMEIRO POBOAMENTO

>> AS PRIMEIRAS EVIDENCIAS DE PRESENZA HUMANA NA PENÍNSULA IBÉRICA CONTAN CON ALGO MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE ANOS E ATOPÁMOLAS EN SITIOS TAN IMPORTANTES COMO A BACÍA DO GUADIX-BAZA (GRANADA) OU ATAPUERCA (BURGOS)

Nestes lugares recuperáronse ferramentas de pedra, ósos de animais con marcas de que foron consumidos por humanos e incluso restos humanos, como o **dente do sitio de Barranco León** (Guadix-Baza), a **mandíbula da Sima del Elefante** (Atapuerca) ou tamén os espectaculares **restos de Homo antecessor** da Gran Dolina en Atapuerca.

Con independencia destes datos, a realidade é que o **poboamento efectivo da Península Ibérica** non se producirá ata algo despois dos **400.000 anos**. A partir de agora é cando atopamos as primeiras probas sólidas da presenza humana paleolítica en Galicia.

Será nos **xacementos da cunca baixa do río Miño**—como o de **Porto Maior** (As Neves, Pontevedra)— onde se localicen ferramentas de pedra datadas en algo máis de **300.000 anos**. Da mesma época contamos outros importantes xacementos nas **Gándaras de Budiño** (O Porriño, Pontevedra) ou **Arbo** (Pontevedra), que nos permiten deducir unha continuidade na ocupación da zona, e doutras áreas do sur de Galicia, durante algo máis de 200.000 anos por parte de grupos humanos de orixe africana.



Nesta época, elefantes, rinocerontes, bisontes, leóns ou hienas eran compañeiros de «falcatrúadas» dos nosos antepasados, como ben demostran os restos dalgúns destes animais recuperados na **sima de Valdavara 3** (Becerreá, Lugo).

SABÍAS QUE...

NO XACEMENTO DE PORTO MAIOR
DESCUBRIUSE UNHA ENORME
AGUNLACIÓN DE GRANDES
FERRAMENTAS [BIFACES] QUE É
ÚNICA NO CONTINENTE EUROPEO.



Este proxecto expositivo realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

>> **ACTIVIDADE 3: Pescamos ou cazamos?****10'**

Instrucións: a clase será dividida en **dous grupos** que, unidos, **formarán unha tribo**. Entre eles deberá repartirse o traballo para conseguir comida. Deste xeito, un grupo terá que optar pola **caza** e outro pola **pesca**.

Logo de establecidos os grupos e as súas obrigas, a docente presentará as **réplicas arqueolóxicas** facilitadas coa exposición (lascas, biface, lámina, propulsor, arpón...) e cada grupo deberá escoller que ferramentas cre que lle poden ser útiles para o seu labor.

Logo de escollidas as ferramentas, a docente procederá a explicar para que se emprega cada unha delas a fin de comprobar se os grupos acertaron na súa elección.

Metodoloxía: aprendizaxe cooperativa.

Material:

- **4.º ROLL-UP.**
- **Replicas arqueolóxicas** que acompañan a exposición.
- **Fichas descritivas** de cada réplica arqueolóxica que acompaña a exposición.

Temporización: a docente guiará a actividade e dará un máximo de **5 minutos** para escoller unha das ferramentas. Posteriormente, o alumnado contará con outros **5 minutos** para a corrección da actividade e a explicación de cada unha das pezas.

CADERNO DE SOLUCIÓNS

ACTIVIDADE 3: Pescamos ou cazamos?

1/ Núcleo e lascas de cuarcita.

> Cortar e esmagar. Caza ou pesca.

2/ Biface de cuarcita.

> Cortar e esmagar. Caza.

3/ Núcleo e lasca Levallois de sílex.

> Cortar. Caza ou pesca.

4/ Lámina de sílex.

> Cortar. Caza ou pesca.

5/ «Folla de loureiro» de sílex.

> Cortar. Caza ou pesca.

6/ Propulsor en corna de cervo do Paleolítico superior.

> Lanzar azagaias. Caza ou pesca.

7/ «Bastón de mando» en corna de cervo do Paleolítico superior.

> Función descoñecida. Ningunha das dúas.

8/ Arpón dentado en óso do Paleolítico superior.

> Pesca.

O AMENGER DA HUMANIDADE: O PRIMEIRO POBOAMENTO DE GALICIA

A OCUPACIÓN PALEOLÍTICA DE GALICIA. NEANDERTAIS E HOMES MODERNOS

>> AO MESMO TEMPO QUE OS GRUPOS DE ORIXE AFRICANA QUE HABITABAN GALICIA ENTRE 300.000 E 100.000 ANOS, APARECEN NA ESCENA EVOLUTIVA OS *HOMO NEANDERTHALENSIS*

Os neandertais son unha especie singular, moi próxima a nós, da que gardamos unha importante pegada no noso ADN. Ademais, demostran unha organización social complexa e un pensamento abstracto semellante ao noso: enterran os seus mortos e cultivaron formas de arte (adornos ou incluso arte parietal). En Galicia, estamos empezando a descubrir cousas sobre eles, especialmente a partir do **xacemento da Cova Eirós** (Triacastela, Lugo). Neste lugar, descubríronse ocupacións neandertais datadas en algo máis de 40.000 anos con ferramentas de pedra e restos de animais cazados que lles servían de sustento, ademais de fogueiras.

No momento en que os moradores da Cova Eirós habitaban este lugar, polo leste de Europa chegaba o último elo da cadea evolutiva humana: nós, o *Homo sapiens sapiens*. A súa chegada á Península Ibérica e a Galicia produciuse hai algo máis de 30.000 anos. Da súa pegada aquí temos variados exemplos, tanto en sitios en covas, como a propia **cova Eirós** ou **as covas de Valdavara** (Becerreá, Lugo), coma en sitios ao aire libre na **comarca de Vilalba** (Lugo), na **serra do Xistral** (Lugo) ou na **comarca de Monforte de Lemos** (Lugo).



Unha mostra singular da presenza dos *Homo sapiens* paleolíticos é a **práctica da arte**, ben sexa **pintada** ou **gravada nas covas** ou **ao aire libre (arte parietal)**, ben sexa en forma de adornos ou ferramentas decoradas (**arte moble**) en óso ou corna. De novo, por Galicia adiante temos algúns exemplos de pinturas e gravados paleolíticos duns 10.000 anos de antigüidade na **Cova Eirós** e de arte moble (arpóns de corna, colgantes etc.) na propia Eirós, nas **covas de Valdavara** ou na **cova da Valiña** (Castroverde, Lugo).

SABÍAS QUE...

NA COVA EIRÓS DESCUBRÍRONSE OS PRIMEIROS EXEMPLOS GALEGOS DE ARTE PALEOLÍTICA DENTRO DUNHA COVA.



Este proxecto expositivo realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.

>> **ACTIVIDADE 4:****A perfecta simbiose cos nosos antepasados****10'**

Instrucións: para finalizar a exposición, a clase competirá por demostrar os seus **coñecementos sobre o Paleolítico**. Para iso, partindo de toda a información recibida ao longo da mostra, pediráselles aos estudantes que coloquen por **orde cronolóxica as réplicas das ferramentas paleolíticas** coas que conta a exposición (núcleo, lasca, biface, lámina, propulsor...).

O grupo que o faga de maneira correcta conseguirá para si o **bastón de mando** e poderá proclamarse **dirixente da súa «tribo-clase»**. Se ningún grupo logra proclamarse vencedor, este papel ha corresponderlle por dereito propio á profesora.

1. Dividir a clase en grupos (máximo de 5 participantes por grupo).
2. Ordenar as réplicas arqueolóxicas facilitadas coa exposición.
3. Réplica do bastón de mando.

Metodoloxía: aprendizaxe cooperativa.

Material:

— **5.º ROLL-UP.**

— **Todas as réplicas arqueolóxicas** facilitadas coa exposición.

Temporización: a docente guiará a actividade e dará un máximo de **dez minutos** para levala a cabo. Posteriormente, o alumnado contará con outros **cinco minutos** para a corrección.

CADERNO DE SOLUCIÓNS

ACTIVIDADE 4: Pescamos ou cazamos?

- 1/ Núcleo e lascas de cuarcita.
- 2/ Bifaz de cuarcita.
- 3/ Núcleo e lasca "Levallois" de sílex.
- 4/ Lámina de sílex.
- 5/ "Folla de Loureiro" de sílex.
- 6/ Propulsor en corna de cervo do Paleolítico superior.
- 7/ "Bastón de Mando" en corna de cervo do Paleolítico superior.
- 8/ Arpón dentado en oso do Paleolítico superior.

FICHAS DAS PEZAS

CRANIO DE OSO DAS CAVERNAS [*URSUS SPELAEUS*]



O OSO DAS CAVERNAS é una especie extinta que foi moi habitual na Galicia do **Plistoceno**, especialmente nas **zonas montañosas**, e **os seus vestixios están presentes en covas** das provincias actuais de **Lugo e Ourense**. Recibe este nome porque os seus restos adoitan atoparse nas covas, onde hibernaban, e en moitos casos acababan morrendo. De **dieta esencialmente omnívora**, tiñan un **tamaño bastante superior ao dos osos pardos actuais**.



CRANIO DE LEÓN

[*PANTHERA SPELAEA*]



OS LEÓNS foron animais habituais durante o **Plistoceno** europeo, Galicia incluída. Non eran moi diferentes dos leóns actuais e eran **un dos principais depredadores da época**. Coma no caso dos osos das cavernas, **os seus restos** tamén **acostuman encontrarse en covas**, onde establecían as súas leoneiras.



CRANIO DE *AUSTRALOPITHECUS AFARENSIS*



OS AUSTRALOPITHECUS son unha especie de homínidos orixinada no **leste de África** hai algo máis de **4 millóns de anos**. Aínda que existen outras especies máis antigas, que xa camiñaban de pé, será este grupo o que desenvolva una **morfoloxía corporal e de locomoción de aspecto humano**. A esta especie pertencía a famosa «**Lucy**», un dos esqueletos máis completos que coñecemos para estes homínidos.



CRANIO DE *HOMO ERGASTER*



Cranio do chamado «**NENO DE TURKANA**», un esqueleto moi completo desta especie **datado en algo máis de 1.400.000 anos**. Os ***HOMO ERGASTER*** están relacionados en **liña directa** coa nosa especie. Ademais, estes homínidos foron **os primeiros que saíron de maneira efectiva do continente africano cara a Eurasia**.



CRANIO DE NEANDERTAL [*HOMO NEANDERTHALENSIS*]



OS NEANDERTAIS son uns dos «parentes» máis próximos a nós e que comparten moitas características que nos definen como humanos (concepto da arte ou pensamento simbólico). Habitaron case exclusivamente no continente europeo e foron desaparecendo paulatinamente ao tempo que a nosa especie (*Homo sapiens sapiens*) se ía expandindo polo continente.



CRANIO DE HUMANO MODERNO [ESPÉCIME DE CRO-MAGNON]



OS HUMANOS MODERNOS (*HOMO SAPIENS SAPIENS*) aparecen hai algo máis de **300.000 anos** en **África**. Dende alí **vanse expandindo cara a Eurasia, Oceanía** e, por último, **América**. Concretamente, **en Europa** comezan a entrar hai algo **máis de 50.000 anos** e rapidamente vanse propagando de leste a oeste. En moitos aspectos estes humanos modernos non se diferenciaban dos neandertais, pero vai ser a especie ***Homo sapiens sapiens*** a gran **protagonista da evolución durante o Paleolítico superior europeo**. Neste caso concreto, esta persoa sufriu unha enfermidade que lle desfigurou notablemente a cara.



NÚCLEO E LASCAS DE GUARCITA



AS FERRAMENTAS EN PEDRA máis elementais fabricadas polo ser humano son **os núcleos e as lascas**. **Golpeando cun percusor de pedra sobre outra pedra (núcleo)**, lógranse desprender anacos de pedra chamados «**lascas**». Os fíos cortantes destas lascas permitíronlles aos homininos antigos mellorar substancialmente a súa eficacia á hora de conseguiren alimentos e realizaren outras actividades cotiás.



BIFACE DE CUARCITA



Un paso fundamental na evolución tecnolóxica dos homínidos antigos foi a súa **capacidade de «impoñer» unha forma concreta e estandarizada sobre a materia**, neste caso **a pedra**. Deste proceso nacen **OS BIFACES**, una especie de machada de forma amendoada traballada polas dúas caras. A súa funcionalidade aínda non está clara, pero, con certeza, **usábanse para cortar** e noutras actividades relacionadas co **consumo de alimentos**. **Esta ferramenta é o «invento» humano máis duradeiro**, xa que se mantivo case sen variación durante máis de **1.500.000 de anos**.



NÚCLEO E LASCA LEVALLOIS DE SÍLEX



A medida que pasa o tempo, a **talla da pedra vaise facendo máis complicada e especializada**. Neste senso, homínidos como **os neandertais** deseñan novas maneiras de obter lascas, entre as que destaca o chamado **MÉTODO LEVALLOIS**. Este sistema de producir lascas está encamiñado a establecer previamente no núcleo a forma da lasca resultante; é dicir, **é unha técnica para predefinir a forma desexada**.



LÁMINA DE SÍLEX



O desenvolvemento da técnica Levallois xa anticipa unha crecente complexidade entre as poboacións dos neandertais, mais imos ser nós, **os humanos modernos, os que desenvolvemos unha estratexia** de obtención de pezas cortantes moito **máis perfeccionada e rendible: AS LÁMINAS**. Durante o **Paleolítico superior** depúrase a **técnica de producir en serie dúcias de lascas alongadas chamadas «láminas»**. A diferenza dos métodos anteriores para fabricar ferramentas en pedra, con esta técnica **obtense unha lonxitude exponencialmente superior de fío cortante por quilo de pedra empregado**.



«FOLLA DE LOUREIRO» DE SÍLEX



AS «FOLLAS DE LOUREIRO» son un dos máximos exemplos da pericia na fabricación de útiles de pedra durante a Prehistoria. Estamos ante unha ferramenta minuciosamente **traballada polas dúas caras** que, de modo reiterado, **procura definir unha forma semellante á da mencionada folla de árbore**. A súa fabricación dáse durante unha fase moi concreta de tempo, **durante as etapas máis frías da última glaciación: a chamada Solutrense**.



PROPULSOR EN CORNA DE CERVO DO PALEOLÍTICO SUPERIOR



OS PROPULSORES son un enxeñoso trebello que serve para **lanzar a distancia azagaias** (unha especie de frecha, pero de maiores dimensións) **aplicando a «lei da panca»**. Deste xeito, **aplicando pouca forza pódese arrebolrar a moita distancia e con gran precisión** este tipo de arma. Á parte de seren artefactos funcionais, tamén **adoitaban ser o soporte de impresionantes expresións artísticas**, como se observa neste exemplo, onde aparece tallada unha cerva.



«BASTÓN DE MANDO» EN CORNA DE CERVO DO PALEOLÍTICO SUPERIOR



Entre as **ferramentas en óso ou corna do Paleolítico superior** existe un tipo de peza moi enigmática, denominada xenericamente como **«BASTÓN DE MANDO»**. Coidábase que eran elementos que se penduraban e que **representaban o status dunha persoa dentro do grupo**. Na actualidade pénsase que eran instrumentos de carácter máis funcional. Como neste caso, **adoitan amosar coidadas decoracións de símbolos ou animais**.




ARPÓN DENTADO EN ÓSO DO PALEOLÍTICO SUPERIOR



O desenvolvemento da pesca como a coñecemos hoxe en día parece arrincar **ao longo das etapas finais do Paleolítico superior**. Neste senso empezan a aparecer trebellos moi vinculados con esta actividade, como é o caso dos **anzois** e, sobre todo, dos **ARPÓNS**. Os dentes no arpón están concibidos para chantarse na carne do peixe e impedir que escape.







Este proxecto expositivo realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia.